



O Xefe do Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra informa o seguinte:

1.- Con data 20 de febreiro de 1979 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común adoptou a Resolución de clasificar como o nomeado "Paradivas".

2.- Con data 03 de xuño do 2003 a Comunidade de San Andrés de Cesar solicitou a rescisión do consorcio 2034 acompañando certificación do acordo adoptado en Asemblea Xeral extraordinaria de data 07 de febreiro do 2003.

3.,. A superficie total consorciada é de 9 ha no ano 1944 e os gastos por traballos mailos ingresos ,da parte do monte que se rescinde dan un saldo a favor da Administración Forestal de mil seiscientos un Euro con un céntimo (1601,01 Euros).

Por todo isto **proponemos**:

PRIMEIRO.- Que se aprobe a rescisión total do consorcio "Paradivas" elenco núm. 2034 propiedade da Comunidade de montes de San Andrés de Cesar ,concello de Caldas de Reis.

SEGUNDO.- Que a rescisión sexa efectiva, xa que con data 21 de xullo de 2003 a comunidade de montes de San Andrés de Cesar abonou na conta oficial do Servicio de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente en Pontevedra a cantidade de **mil seiscientos un euro con un céntimo (1601,01 Euros)** importe adebedado á Xunta de Galicia para rescindi-la súa propiedade.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2004

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,

Teodoro Arribas Serrano.

Visto e prace
**O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,**

Tomás Fernández-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente.-
Santiago de Compostela.-



Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Pontevedra, relativo á rescisión do consorcio 2034 do monte veciñal en man común "PARADIVAS", cunha superficie de 9 ha., e propiedade da Comunidade veciñal de San Andrés de César, Concello de Caldas de Reis.

Vista a certificación de data 14 de maio de 2003, de don Manuel González Aboy, Secretario da Comunidade veciñal de San Andrés de César, na que se fai constar que en Asemblea Xeral celebrada o 7 de febreiro de 2003, acordouse solicita-la rescisión do consorcio, do que ata recentes datas non tiñan coñecemento da súa existencia.

Visto o informe de data 22 de agosto de 2003, do Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, no que se propón a rescisión do consorcio 2034 do monte veciñal en man común "PARADIVAS", propiedade da Comunidade Veciñal de San Andrés de César, sen que por parte desta teña que ser reintegrada cantidade algunha, xa que con data 21 de xullo de 2003, ingresaron a cantidade de 1.601,01 euros na conta da Xunta de Galicia.

Vistas as disposicións legais de aplicación, e en concreto o Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Montes, así como a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a súa execución.

Esta Sección Xurídica **INFORMA FAVORABLEMENTE** a rescisión do consorcio do monte veciñal en man común "PARADIVAS", cunha superficie de 9 ha., e propiedade da Comunidade veciñal de San Andrés de César, nos termos propostos no informe do Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2004.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

Asdo.: M^a José Tato Rocha.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la rescisión total (9 hás) do consorcio "Paradivas" elenco núm. 2034 propiedade da Comunidade de montes de San Andrés de Cesar ,concello de Caldas de Reis.

SEGUNDO.- Que a rescisión sexa efectiva, xa que con data 21 de xullo de 2003 a comunidade de montes de San Andrés de Cesar abonou na conta oficial do Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente en Pontevedra a cantidade de **mil seiscientos un euro con un céntimo (1601,01 Euros)** importe adebedado á Xunta de Galicia para rescindi-la súa propiedade.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2004

O CONSELLEIRO
(por Orde do 29/1/2003)
O Secretario Xeral,



Justo de Benito Basanta

Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais.
Santiago de Compostela.-